

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DA PRESIDENCIA**

7195 *Corrección de erratas do Real decreto 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo.*

Advertidas erratas no Real decreto 1801/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen normas relativas ás cantidades nominais para produtos envasados e ao control do seu contido efectivo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 13, do 17 de novembro de 2008, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1237, primeira columna, artigo 12, onde di: « X = Media dos contidos efectivos dos envases da mostra», debe dicir: « \bar{X} = Media dos contidos efectivos dos envases da mostra».

Na páxina 1237, primeira columna, no cadro 4, onde di:

«CADRO 4

1. Control non destrutivo

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
De 100 a 500	30	$X - \geq Q_n - 0,503.s$	$X - < Q_n - 0,503.s$
Máis de 500	50	$X - \geq Q_n - 0,379.s$	$X - < Q_n - 0,503.s$ »

debe dicir:

«CADRO 4

1. Control non destrutivo

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
De 100 a 500	30	$\bar{X} \geq Q_n - 0,503.s$	$\bar{X} < Q_n - 0,503.s$
Máis de 500	50	$\bar{X} \geq Q_n - 0,379.s$	$\bar{X} < Q_n - 0,379.s$ »

Na páxina 1237, primeira columna, no cadro 5, onde di:

«CADRO 5

2. Control non destrutivo

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
Calquera (≥ 100).	20	$X - \geq Q_n - 0,640.s$	$X - < Q_n - 0,640.s$ »

debe dicir:

«CADRO 5

2. Control destrutivo

Tamaño do lote	Tamaño da mostra	Criterio de aceptación	Criterio de rexeitamento
Calquera (≥ 100).	20	$\bar{X} \geq Q_n - 0,640.s$	$\bar{X} < Q_n - 0,640.s$ »

Na páxina 1238, primeira columna, número 3 do artigo 15, onde di: «3. Para o criterio da media establecido polo método da desviación típica (cadros números 4 e 5), o plan de mostraxe empregado polos servizos de inspección competentes será declarado comparable ao deste real decreto se, ao ter como variable do eixe das abscisas na curva de eficacia dos dous plans, o valor da abscisa correspondente ao punto de ordenada 0,10 da curva do primeiro plan (probabilidade de aceptación do lote = 0,10) se desvía en menos de 0,05 veces do valor da abscisa do punto correspondente da curva de eficacia do plan de mostraxe correspondente deste real decreto.

$$\frac{Q_n - X}{s}$$

debe substituírse polo seguinte parágrafo: «3. Para o criterio da media establecido polo método da desviación típica (cadros números 4 e 5), o plan de mostraxe empregado polos servizos de inspección competentes será declarado comparable ao deste real decreto se, ao ter como variable do eixe das abscisas:

$$\frac{Q_n - X}{s}$$

X= valor da media real do lote.

na curva de eficacia dos dous plans, o valor da abscisa correspondente ao punto de ordenada 0,10 da curva do primeiro plan (probabilidade de aceptación do lote = 0,10) se desvía en menos de 0,05 veces do valor da abscisa do punto correspondente da curva de eficacia do plan de mostraxe correspondente deste real decreto.»